

INFORME SOBRE O PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DUN CENTRO DE PROCESAMENTO DE DATOS EN CURTIS (XP-25-006)

Mediante escrito do 13.08.2025, o Servizo de Impulso de Proxectos da Consellería de Economía e Industria solicita o informe previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, en relación ao Proxecto industrial estratéxico (PÉ) dun centro de procesamento de datos no polígono industrial de Curtis-Teixeiro, promovido por GALICIA GREEN DATA S.L.

En cumprimento do previsto no devandito artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, en relación cos artigos 2 e 8 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, corresponde elevar o “*Proxecto Industrial Estratéxico para Centro de procesamento de datos*”, no polígono industrial de Curtis-Teixeiro para informe do devandito órgano consultivo, con carácter previo á súa aprobación polo Consello da Xunta.

Unha vez analizada a documentación achegada e vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo e a Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, emítese o seguinte informe:

1. ANTECEDENTES

1.1. Mediante Acordo do 09.09.2024, o Consello da Xunta de Galicia declarou o proxecto dun centro de procesamento de datos como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE), cos efectos previstos no artigo 79.4 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*. Nese procedemento, a Dirección xeral de Urbanismo emitiu informe o 03.06.2024 sobre a compatibilidade do proxecto coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio, ao amparo do previsto no artigo 79 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*.

1.2. De conformidade co artigo 80.1 do citado decreto lexislativo, logo da declaración do proxecto industrial estratéxico, o 11.09.2024 a Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria requiriu ao promotor a presentación de toda a documentación esixida pola normativa aplicable, en virtude das esixencias legais derivadas da instalación e das infraestruturas proxectadas e, en particular, para efectos do previsto no artigo 27 da *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia*. O 15.11.2024 o promotor achega documentación, que completa o 11.12.2024.



1.3. O 26.11.2024, a Subdirección xeral de avaliación ambiental emite informe respecto da tramitación ambiental do proxecto, concluíndo que o mesmo non estaría incluído no ámbito da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, nin sometido o trámite de autorización ambiental integrada.

1.4. Consonte o artigo 80.3 do citado texto refundido, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro de 2025) o Anuncio do 17.01.2025 da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, polo que se someteu a información pública o proxecto. A documentación técnica antes sinalada estivo dispoñible no Portal de Transparencia da Consellería de Economía e Industria para a súa consulta pública polo tempo legalmente establecido.

Durante ese prazo non se presentaron alegacións, segundo o certificado do resultado da información pública da Subdirección Xeral de Proxectos da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético do 13.06.2025.

1.5. Consonte o artigo 80.4, simultaneamente ao trámite de información pública solicitáronse os seguintes informes:

1.- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas:

Solicitud de informe o 31.01.2025

Informe emitido o 18.02.2025

2.- Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria:

Solicitud de informe o 31.01.2025

Informes remitidos o 21.03.2025

3.- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Solicitud de informe o 31.01.2025

Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 03.03.2025

Informe da Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral do 29.04.2025

Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 04.06.2025

4.- Informe da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais

Solicitud de informe o 03.02.2025

Informe emitido o 27.03.2025

5.- Informe da Secretaría de Estado de Transportes e Mobilidade Sostenible

Solicitud de informe o 05.02.2025

Informe emitido o 10.04.2025

Así mesmo, remitiuse a solicitude de informe á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia o 31.01.2025, sen obter resposta. Con todo, consta no expediente a emisión dun



informe previo á declaración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia favorable á implantación do devandito proxecto.

1.6. O 31.01.2025 foi solicitado informe ao concello de Curtis, que foi emitido o 17.02.2025, no que conclúe que considera que as instalacións propostas axústanse aos parámetros urbanísticos de aplicación e que a parcela está urbanizada e conta con todos os servizos municipais, ademais de abastecemento eléctrico e acceso desde a vía pública municipal.

1.7. Para continuar co procedemento de aprobación do proxecto previsto no artigo 80 do *Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, o 15.07.2025 o promotor achegou a documentación definitiva para a esta aprobación.

1.8. O 13.08.2025 o Servizo de Impulso de Proxectos da Consellería de Economía e Industria remite solicitude de informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ao amparo do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, achegando expediente do proxecto e informe de tramitación.


1.9. Segundo consta no informe do Servizo de Impulso de Proxectos, da Subdirección xeral de Proxectos da Consellería de Economía e Industria do 13.08.2025, a tramitación do expediente como proxecto industrial estratéxico realizouse conforme ao establecido nos artigos 78, 79 e 80 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo *Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro*.

2. OBXECTO DO PROXECTO

2.1. O proxecto ten por obxecto a creación dun centro de procesamento de datos (CPD) ou Data Center (DC), formado por un edificio que se divide en 3 salas IT diferentes, cunha superficie por sala aproximadamente de 1667 m² e que terá nas zonas adxacentes ás salas enfriadoras e os grupos electróxeos; unha subestación eléctrica transformadora (SET), así como unha conexión principal que será unha liña eléctrica subterránea de 66kV que conectará a SET Sidegasa coa SET anexa ao Data Center; e unha subministración secundaria de 15 kV en SET Sidegasa.

O proxecto contempla a execución da etapa 1 da Fase I das tres fases propostas para o complexo final.





As fases e etapas de construción serán as seguintes:


- Fase 1 Etapa 1: corresponde coa construción da urbanización, garita de acceso e primeiro edificio de 5MW, pero coa implantación unicamente de 2MW. Esta etapa contempla o edificio de oficinas correspondente a todas as demais fases.
- Fase 1 Etapa 2: corresponde coa implantación de 3MW restantes do primeiro edificio.
- Fase 2: corresponde co seguinte edificio destinado a Data Center de 5MW
- Fase 3: corresponde co terceiro e último edificio destinado data Center de 5MW

Superficie construida / Gross floor area:	5.463,85 m ²
Superficie útil interior / Interior usable area:	4.946 m ²
Superficie útil patio exterior / Patio usable exterior area:	1.603,80 m ²

2.2. O Data Center estará situado ao suroeste do polígono industrial Curtis-Teixeiro, en concreto, actúase en 4 parcelas do devandito polígono (parcelas B5 e B6 clasificadas como industria illada grande e parcelas B8 e B9 clasificadas como industrial promedio illada).



O Data Center ocupará as parcelas B5 e B6 do polígono industrial (29.659,69 m² totais), parcelas que se poderán agrupar segundo o plan parcial da zona. O proxecto de DC contempla unha sala de Tecnoloxía da Información (IT-01) de 5463,85 m² de ocupación en planta, aínda que se prevén futuras ampliacións dentro da superficie delimitada polos viais perimetrais definidos polo presente proxecto, ata un total de 11.364 m² de ocupación en planta. Contémplase a urbanización de toda a parcela con accesos e zonas verdes, deixando sen edificar a área que poderían chegar a ocupar as seguintes fases.



Existen os seguintes elementos no edificio principal:

- Módulo técnico administrativo; Localízanse as zonas de acceso principal, recepción e control de accesos, aseos e aseos adaptados, salas de reunións, oficinas e talleres de reparación e cuarto de limpeza. Peiraos de carga e descarga, cuartos de recepción de mercadorías e cuartos de lixo.
- Módulo CPD; Salas IT e Salas Eléctricas e Mecánicas para o correcto funcionamento do CPD (Realizárase a completa implantación da sala do data *hall*, así como o equipamento das salas eléctricas e mecánicas).
- Patio exterior de instalacións: Zona de equipos exteriores. No lindeiro leste, colocárase xunto ao edificio unha zona para equipos exteriores. Esta zona contará cunha trampa acústica para atenuar os niveis de ruído que poidan producirse polos equipos.

Existen os seguintes elementos nas zonas exteriores da urbanización:

- Garita de control de accesos; Localízase o control xeral de accesos. Conta con vestíbulo xeral, cuarto de vixiantes, aseo e cuarto de servidores. Así como espazo para control de



vehículos e prazas de aparcamento de cortesía para vehículos que non teñan autorización de entrada no complexo.

- Vial Perimetral: vial que garante o acceso de turismos, vehículos pesados e de emerxencia.
- Aparcamento, que conta coas prazas para xente con mobilidade reducida e para vehículos eléctricos, tal e como se especifica no proxecto básico.


2.3 Nas parcelas B8 e B9 (10.495,64 #m² totais) implantarase unha subestación eléctrica de 1.622,57 m² de ocupación en planta, cun camiño de acceso de 318,87 m².




O trazado da liña de subministración eléctrica de 66kV está constituída por un tramo subterráneo na súa totalidade. O trazado da liña de subministración eléctrica de 15 kV está constituída por un único tramo subterráneo que partirá desde a SET Sidegasa 15 kV e finaliza na subestación SET 15/66 kV Galicia Green Data Center de nova construción.

2.4. O proxecto inclúe unha conexión eléctrica de 532,18 m que conecta a subestación eléctrica do centro de datos, a través dos viais do ámbito, coa SE Sidegasa 15 kV do polígono industrial.





Localización, edificios y conexión eléctrica




Edificio de datos y urbanización de la parcela





Sección y distribución del edificio de datos



Distribución del edificio de datos





Subestación eléctrica

3. ORZAMENTO

O orzamento para a construción da primeira etapa da Fase 1 (2MW) ascende a 36.908.062,50 €, desagregado segundo aparece na seguinte táboa:

Resumen de presupuesto por capítulos		
Construcción de la primera etapa de la fase 1 (2MW) de un edificio destinado a centro de proceso de datos en las parcelas B.5 y B.6 del polígono industrial Curtis-Teixeiro (La Coruña)		
Capítulo	Resumen	Importe
0	Actuaciones previas	837.250,00 €
1	Demolición	229.500,00 €
2	Movimiento de tierras	901.000,00 €
3	Cimentación	2.120.750,00 €
4	Estructura	3.829.250,00 €
5	Cerramiento de fachada	2.176.000,00 €
6	Cubierta	1.215.500,00 €
7	Albañilería y particiones interiores	2.363.000,00 €
8	Revestimientos y acabados	1.513.000,00 €
9	Carpintería y metalistería	331.500,00 €
10	Señalética	140.250,00 €
11	Aislamiento acústico de cubierta por equipos CPD	1.559.750,00 €
12	Electricidad y equipos del edificio	4.372.400,00 €
13	Electricidad y equipos de la Actividad CPD	8.198.250,00 €
14	Climatización y Equipos del edificio	1.036.787,50 €
15	Climatización y Equipos de la Actividad CPD	1.704.675,00 €
16	Protección contra incendios requerida por normativa	731.000,00 €
17	Protección contra incendios no requerida por normativa	1.166.200,00 €
18	Fontanería y saneamiento	463.250,00 €
19	Ventilación	395.250,00 €
20	Urbanización	568.915,50 €
TOTAL PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL		35.853.478,00 €
SS	Seguridad y salud	425.000,00 €
GR	Gestión de residuos	204.584,50 €
CC	Control de calidad	425.000,00 €
TOTAL PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN OBRA		36.908.062,50 €
PEM MEP		18.067.812,50 €
PEM CSA		17.785.665,50 €
El importe total del presupuesto de ejecución material PEM es de treinta y cinco millones ochocientos cincuenta y tres mil cuatrocientos setenta y ocho euros con cincuenta céntimos		

Figura 6: Resumen del presupuesto del edificio de datos



Adicionalmente, o orzamento de execución material (PEM) da subestación eléctrica ascende a 2.685.148,25 €.

Adicionalmente, o orzamento de execución material (PEM) das liñas de evacuación en 15 kv ascende a 97.900,91 €.

Adicionalmente, o orzamento de execución material (PEM) das liñas de evacuación en 66 kv ascende a 394.819,81 €.

4. PLANEAMENTO URBANÍSTICO


4.1. O plan vixente no concello de Curtis é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 19/09/2007, no que os terreos afectados están incluídos nun ámbito de solo urbanizable delimitado de uso industrial (SUD 6 IND) para o cal se incorporan as determinacións do Plan Parcial de Ordenación da Actuación Industrial de "Curtis-Teixeiro" (aprobado definitivamente o 24.02.1994), e a súa modificación puntual aprobada o 18-10-2001. Por outra banda, con data 16 de decembro de 2020 (Decreto n.º 704), aprobouse inicialmente a Modificación Puntual n.º 2 do Plan Parcial do Sector SUD-6 Curtis-Teixeiro (DOG n.º 258 do 24/12/2020).

Segundo o informe técnico municipal, a día de hoxe toda a urbanización do polígono foi recibida, e xa se concederon licenzas urbanísticas para a súa ocupación, polo que pode considerarse que os terreos teñen a condición de solo urbano segundo o artigo 16 da LSG.


4.2 O proxecto xustifica o cumprimento da normativa urbanística, resultando conforme á ordenación proxectada coa permitida pola ordenanza aplicable de edificación industrial xeneral illada, no caso do edificio de datos (parcelas B5 e B6) e pola de industria media illada (parcelas B8 e B9), no caso da subestación eléctrica. O informe técnico municipal do 14.02.2025 acredita esta circunstancia.

4.3. En todo caso, de acordo co artigo 80.2 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, as determinacións contidas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza vinculante e prevalecerán sobre as determinacións do plan urbanístico vixente.





Ordenación establecida por el PGOM de Curtis



Parcelas afectadas y localización en el polígono industrial



DATOS GENERALES - 4 PARCELAS (B5, B6, B8, B9)		DATOS GENERALES - 2 PARCELAS (B5, B6)	
Area total parcelas	40.155,33	Area total parcelas	29.659,69
Edificabilidad máxima m2	25.142,76	Edificabilidad máxima m2	17.795,81
Superficie construida Proyecto m2	11.364,00	Superficie construida Proyecto m2	11.364,00
Edificabilidad remanente m2	13.778,76	Edificabilidad remanente m2	6.431,81
Máxima ocupación m2	18.686,04	Máxima ocupación m2	11.863,88
Ocupación proyecto m2	11.556,00	Ocupación proyecto m2	11.556,00
Ocupación remanente m2	7.130,04	Ocupación remanente m2	307,88

PLAZAS DE APARCAMIENTO		
La superficie de aparcamiento será como mínimo del 10% de la superficie en planta destinada a la fabricación y almacenaje, de estas plazas al menos el 2% se situará y dimensionará para usuarios minusválidos.		
Consideramos la superficie de fabricación o Actividad propia del CPD, la superficie de sala IT		
	Area (m2)	Plazas (10% area)
Salas IT Fase total	5.001	500
Salas IT Fase I	1.667	167

Cuadro de justificación urbanística de la memoria del proyecto

4.4. Con respecto á normativa sectorial industrial, o proxecto informado favorablemente pola Consellería de Economía e Industria para a súa remisión á Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo contén apartados na súa memoria sobre as condicións esixibles de seguridade, protección contra incendios, seguridade, accesibilidade, salubridade, protección contra o ruído, etc.

5. COMPATIBILIDADE COAS DETERMINACIÓNS DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

5.1. No ámbito territorial de implantación do proxecto industrial estratéxico obxecto deste informe unicamente concorren as *Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT)*, aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro (DOG do 22.02.2011).

5.2. No que alcanza ás DOT, Curtis forma parte do sistema de vilas que se propoñen como nodos para o equilibrio do territorio. Os nodos para o equilibrio do territorio constitúen unha base imprescindible para impulsar estratexias de desenvolvemento social e económico en ámbitos ameazados polo despoboamento, formando parte do sistema intermedio de asentamentos definido. As determinacións das DOT para este tipo asentamentos, teñen como obxectivo potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade (determinación excluínte 2.3.2), aspectos cos que cabe entender aliñado o obxecto do proxecto de interese estratéxico do centro de procesamento de datos.



5.3. Por outra banda, a implantación de actividades industriais nun espazo xa urbanizado, como é o caso do Polígono Industrial de Curtis-Teixeiro, enténdese aliñado cos criterios das DOT para a prevención dos seus posibles efectos sobre o medio fronte á súa corrección, mitigación ou compensación, tal e como se recolle na súa determinación orientadora 3.2.6. Por conseguinte, non se atopan obxeccións, desde o punto de vista da adecuación ás DOT, para levar a cabo a actuación proposta.

6. CONCLUSIÓN

En atención ao exposto e á vista do informe favorable da Consellería de Economía e Industria do 13.08.2025, en cumprimento do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, e de conformidade co informe-proposta da Subdirección Xeral de Urbanismo e da Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, elévase ao Pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo o "Proxecto Industrial Estratéxico "Centro de procesamento de datos: Data Center", no Concello de Curtis.



